

MÉRCORES 10

♥ RUTINAS.

♥ ARTE. O OCÉANO NUNHA BOTELLA: O pasado luns 8 celebrouse o día mundial dos océanos, o cal é moi importante celebrar para recordar a todos o papel importante que teñen os océanos na vida cotiá. Eles son os pulmóns do noso planeta, a maior parte do osíxeno que respiramos. O propósito deste día é concienciar sobre as consecuencias da actividade humana para os océanos e sobre que son unha fonte importante de alimentos e menciñas e unha parte esencial da biosfera.

♥ No cole falamos moito sobre a contaminación dos mares o dañinos que son os plásticos para os animais mariños, e a importancia de non tirar lixo nin ó chan, nin na natureza nin nos mares ou ríos... aquí vos deixo un anuncio dunha coñecida marca de cervexa, que neste caso, a cervexa é algo anecdótico no vídeo, polo que se adapta perfectamente á concienciación infantil da non contaminación dos océanos. So aparece a cervexa a partir do minuto 3.07 así que vos suxiro que o cortedes aí:

♣ <https://www.youtube.com/watch?v=gINHW2YopcA>

♥ A proposta artística para hoxe é unha botella da calma na que recrearemos un océano. Necesitamos:

♣ Botella transparente de auga.

♣ Colorante alimentario azul.

♣ Aceite vexetal.

♣ Pequenas cunchas, pedriñas, area grosa, purpurina, peixiños de xoguete... o que teñades, non todo, algunha cousiña destas para adornar. Pensade que ten que entrar pola boca da botella.

❁ Instrucións de elaboración:

- ❖ Encher 1/3 da botella con auga e o resto con aceite.
- ❖ Botar unha gota de colorante azul e os pequenos obxectos que desexedes.
- ❖ Cerrade ben a botella e poñede cinta adhesiva para asegurar o cerre. Agora xa tedes a vosa botella do océano para a calma. So tedes que movela, darlle a volta e observar que pasa.



XOVES 11

♥ RUTINAS.

♥ CONTOS: hoxe imos visualizar o conto chamado "la ballena" que xa vimos no cole. Intentamos ler á vez que estamos escoitando a narración.

❁ <https://www.youtube.com/watch?v=kFHBOpUQhpY>